

UNHA MULLER DE PARÍS

Charles Chaplin, 1923

1172

ESTREA EN NUMAX: 25.09.2023 | V.O.S.E. | TP | 84 min

Melodrama que denuncia a hipocrísia e os prexuízos morais da sociedade a través da historia de Marie St. Clair (Edna Purviance), unha sinxela moza dunha pequena vila francesa namorada dun pintor. Primeiro drama do mestre Chaplin que dirixiu para a United Artists, produtora e distribuidora creada entre outros por el mesmo.

«As súas interpretacións resultan tan chocantes hoxe como hai un século»

Jules Caldeira, FILM INQUIRY



Unha arte da depuración

Por Paulino Viota

Charles Chaplin n'*Unha muller de París* retrotrae os personaxes e o público a unha vivencia anterior. Marie, que se reencontrou en París con Jean e ao que lle pediu que a retrate, ao quitar a tea que cobre o cadro, ve que el a representou co vestido que levaba a última vez que estiveron xuntos. Catro anos antes que *Amencer* (F. W. Murnau, 1927) e trinta e cinco que *Vertigo* (Alfred Hitchcock, 1958), Chaplin resolve o problema con radical sobriedade, no oposto das complexas técnicas de Murnau e Hitchcock. Chaplin consegue un resultado similar coa diferenza de que non se produce a alucinación, senón un impacto emocional que non nos saca nin a nós nin aos personaxes da realidade presente. A súa solución, a primeira no tempo, é tamén a máis elaborada porque Chaplin se obriga a chegar á maior sinxeleza formal e expresiva. A súa arte é máis difícil porque é a máis depurada.

A sabedoría de Chaplin pódese advertir en que acentuou o contraste entre a Marie pintada e a actual, insistindo nas escenas anteriores nos seus luxosos vestidos parisienses. Vese tamén a súa sabedoría, en que para que nós vexamos esa imaxe do pasado antes que Marie, ela destapa o cadro mentres olla desafiante a Jean que lle pediu que non o fixera; ao adiantarnos á súa mirada, Chaplin ponnos en garda para que capturemos o menor matiz da reacción de Marie, xa que esta se caracteriza precisamente polo seu comedimento.

Este ton medio, esta sordina nas emocións é seguramente a característica máis audaz, máis anovadora, d'*Unha muller de París*. O filme é a invención definitiva do actor de cinema, a súa liberación das técnicas teatrais. Sen dúbida, hai precedentes nesta creación dunha nova forma de actuar nos grandes cineastas dos anos 10, pero o que chega máis lonxe, quizais porque el mesmo era un actor xenial, é Chaplin neste filme. Comprende mellor ca ninguén que, no cinema, a distancia e o ángulo da cámara e a organización dos planos coa montaxe permiten prescindir da proxección da voz e a amplificación do xesto inherentes ao afastamento do actor de teatro.

Que o propósito de Chaplin era moi consciente está probado no feito de que este filme (o primeiro producido por el mesmo) prescinde do seu personaxe de Charlot, xa un mito mundial na altura e por tanto cargado de sobreentendidos que impedirían percibir o que creo que era máis importante para el, esta novidade na forma de comportarse dos personaxes. Mesmo colocou un cartel inicial no que avisaba de que el non aparecía no filme e que era "o primeiro drama serio escrito e dirixido por min mesmo". Nin sequera o cinema mundo, onde a carencia de expresión verbal se diría que obriga á xestualidade máis intensa, diminuíu a xenialidade de Chaplin. *Unha muller de París* anticipa o sonoro.

(...) A estrutura do filme non está constituído por un cúmulo de relacións desordenadas entre elementos illados, senón que as correspondencias se producen entre uns conxuntos organizados. As relacións non se dan de maneira caótica senón mantendo a mesma orde de sucesión entre distintos grupos. Nese sentido, a súa perfecta e omnipresente estrutura, que se estende a calquera detalle, aínda que poida chegar a ser abafante de tan calculada, paréceme un exemplo da beleza que pode acadarse (beleza, simetría, proporción, harmonía, equilibrio) cando a conciencia estrutural fai parte esencial da obra.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Chaplin - Todas sus comedias (1915-1917),
Charles Chaplin.
Divisa [DVD]

Un comediante descubre el mundo,
Charles Chaplin.
CONFLUENCIAS, 2014

Charles Chaplin,
Esteve Rimbau.
Cátedra, 2000